

IDEAS DE ACTIVIDADES DE LECTOESCRITURA



Podedes facer un **abecedario** con cartón , empregando pinzas da roupa, con tapóns, en folios..., e facer un montón de actividades con elas:

- Formar o seu nome, os das persoas que viven na casa, os dos compañeiros/as...de todo o que queiran. Dependendo das idades llo podedes escribir primeiro e despois que o copien ou que xa o fagan eles directamente.
- Darlle as letras desordenadas dunha palabra e que a compoñan.
- Escribir o seu nome en vertical e que escriban ou digan unha palabra con cada unha das letras que compón o seu nome.

- Buscar obxectos que comecen polas letras que se lle dan.
- Bingo da letras.
- Vexo, vexo...empeza por.....




Primeiro traballar coas letras en maiúsculas, os/as nenos/as que xa comecen a identificar as minúsculas poden traballar con xogos de relacionar.

- Recortar letras de revistas, xornais...e compoñer palabras.
- Facer letras con plastilina, paus, cordas, pedras...ou o que lle ocorra.



- Estampar letras en plastilina.
- Facer a súa inicial ou o nome completo en cartón e decoralo.

Trazos:



Para iniciarse na escritura antes debe traballar moito a grafomotricidade.

Ideas divertidas para esto é :

Escribir con espuma de afeitar, facer bandexas sensoriais e facer trazos nela, escribir con paus na terra, escribir na espalda co dedo e intentar adiviñar...



Pódese tinguir arroz (nunha bolsa mesturámolo con colorante e unha gota de alcol e deixámolo secar en papel absorbente), ou que pinten nun folio con moitas cores e despois cubriilo con arroz ou area e ao escribir ou debuxar enriba se van descubriendo as cores.

Escritura en situacións reais(cada neno/a na etapa que se atopa):

- Escribir unha carta ou nota para un familiar ou amigo/a.
- Receita de cociña
- Lista da compra
- Cousas que lle gustaría facer cando remate o confinamento.....

E que lean e que lle lean contos, inventar historias, cambiar finais de contos que xa saben...., **deixar voar a súa imaxinación!!!**

Algunha páxina que podedes visitar:

<http://www.edudiver.com/juegos/pequetic>

creaAPPcuentos

kalandraka.tv Cuentos contados